







Falco columbarius L.

| | |
|---|---------------|
|  | Esmerillón |
|  | Esmerejón |
|  | Belatz txikia |
|  | Esmerla |
|  | Merlin |
|  | Esmerilhão |



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIS

| | |
|--------------------|-----------|
| Peso | 165-230 g |
| Lonxitude | 26-33 cm |
| Envergadura | 55-69 cm |

| FILO | CLASE | ORDE | FAMILIA | XÉNERO |
|----------|-------|---------------|------------|--------------|
| Chordata | Aves | Falconiformes | Falconidae | <i>Falco</i> |

ALIMENTACIÓN

Carnívora, consume pequenas e medianas aves (liñaceiros, xílgaros, cotovías cristadas, calandras reais, picas dos prados, etc.)

COMPORTEAMENTO

Trátase dunha ave cazadora que voa horizontalmente con moita rapidez para sorprender ás súas presas, en troques de facer voos en picado como o falcón peregrino. Reutilizan niños de córvido, ou fan o seu propio no chan se non hai árbores preto.

REPRODUCCIÓN

Finais de abril a xuño. Posta de 3 a 5 ovos de cor pálido e moteados pardos, que son incubados pola femia durante 28-32 días. Unha vez nace nos polos, ambos adultos ocúpanse da súa manutención ata que alcanzan o seu completo desenvolvemento (aos 25-32 días).

HÁBITAT

Propio de grandes extensión abertas ou escasamente arboradas, con grande cantidade de vexetación baixa, evitando zonas forestais ou rexións moi montañosas

DISTRIBUCIÓN

A súa área de reprodución esténdese polo norte de Europa, illas Británicas, Islandia, Asia Central e Norteamérica. Os exemplares europeos invernan en Europa Central e Meridional.

CURIOSIDADES

A finais do inverno, os machos son os primeiros en marchar cara o norte para ter os territorios establecidos cando cheguen as femias. Estas son moito máis grandes en peso e tamaño que os machos, habitualmente (aínda que depende moito da poboación).